

**Asunto: Condicións de desfrute do permiso de lactación.**

**Orixe: Dirección Xeral de Recursos Humanos.**

**Ámbito: Persoal de institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas ao citado organismo e á Consellería de Sanidade.**

A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, no seu artigo 61 remite ao réxime de permisos establecido para o funcionariado público na normativa reguladora da conciliación da vida familiar e laboral e da igualdade efectiva de mulleres e homes.

A disposición final trixésima sétima da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, estableceu unha nova regulación do permiso de lactación modificando o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Quedando configurado o dito permiso coa seguinte redacción:

*«f) Por lactación dun fillo menor de doce meses terán dereito a unha hora de ausencia do traballo que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderá substituírse por unha redución da xornada normal en media hora ao comezo e ao final da xornada, ou nunha hora ao comezo ou ao final da xornada, coa mesma finalidade.*

*O permiso contemplado neste apartado constitúe un dereito individual dos funcionarios, sen que poida transferirse o seu exercicio ao outro proxenitor, adoptante, gardador ou acolledor.*

*Poderase solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente. Esta modalidade poderase gozar unicamente a partir da finalización do permiso por nacemento, adopción, garda, acollemento ou do proxenitor diferente da nai biolóxica respectivo.*

*Este permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de parto, adopción, garda con fins*



*de adopción ou acollemento múltiple».*

Pola súa vez, o 29 de xaneiro de 2021 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (núm. 19) a Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, norma que modifica a redacción do artigo 112 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, en termos análogos á normativa estatal exposta. Ao tempo que mudou o artigo 121 desta mesma lei, ampliando a duración do permiso retribuído da nai funcionaria, nos casos de parto, ata vinte e dúas semanas.

Desde a reforma lexislativa, o dereito de lactación configúrase como un dereito individual que lle corresponde tanto á nai biolóxica, ou a persoa que desfrute do permiso por adopción, por garda con fins de adopción ou por acollemento, como ao outro proxenitor, ampliando en aras da corresponsabilidade no coidado do lactante, o previsto na normativa anterior que excluía deste dereito ao outro proxenitor.

A normativa exposta debe ser aplicada tendo en conta a finalidade do permiso, a atención ao lactante durante o seu primeiro ano de vida e a igualdade de trato entre homes e mulleres no desfrute do mesmo.

Con base no que antecede, previo acordo coas organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF, SATSE e UGT na Mesa Sectorial, procede aplicar o permiso de lactación nos termos das seguintes:

## **INSTRUCCIÓNS.**

### **Primeira.- Permiso de lactación.**

1.- Por lactación dun fillo/a menor de doce meses, o persoal do Servizo Galego de Saúde



e das entidades dependentes ou adscritas ao organismo e á Consellería de Sanidade, terá dereito a unha hora de ausencia do posto de traballo, que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderá ser substituído por unha redución da xornada normal en media hora ao comezo e ao final da xornada, ou nunha hora ao comezo ou ao final da xornada, coa mesma finalidade.

O tempo correspondente a este permiso poderá substituírse por un permiso retribuído que acumule total ou parcialmente en xornadas completas o tempo correspondente.

Esta modalidade de desfrute poderase utilizar unicamente a partir da finalización do permiso por nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento ou do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica, ou unha vez que, desde o nacemento do menor, transcorrese un tempo equivalente ao que comprenden os citados permisos (22 ou 16 semanas, sen prexuízo das ampliacións que procedan).

No caso de que o/a traballador/a optase por acumular en xornadas completas o tempo correspondente, garantindo a igualdade de trato de mulleres e homes, o número de horas deste permiso será de 150 horas, con independencia do exercicio do dereito da nai biolóxica polo nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción, ou polo exercicio do dereito do outro proxenitor.

Nos supostos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple, a duración do permiso por lactación incrementarase en proporción ao número de fillos/as.

2.-O persoal eventual terá dereito a redución da xornada normal nos termos expostos. Así mesmo, poderá acumular en xornadas completas o tempo correspondente. No suposto que a duración do vínculo non xere dereito a acumulación de xornada completa ou de que o/a traballador/a decidise non desfrutar o dereito nun vínculo concreto, permitirase o desfrute acumulado en sucesivos vínculos que sexan compatibles



acumulación, ata que o menor cumpra os 12 meses. En ningún suposto a lactancia non desfrutada xerará dereito a compensación económica, nin será computada como xornada adicional.

O número de horas deste permiso será de 150 horas, para o persoal eventual que estea vinculado dende a finalización das 16 semanas do permiso por nacemento, adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento ata que o menor cumpra 12 meses. No suposto de vínculos inferiores ao exposto, terá dereito á parte proporcional.

3.- Este permiso constitúe un dereito individual das/os traballadoras/es, sen que poida transferirse o seu exercicio ao outro proxenitor, adoptante, gardador ou acolledor.

### **Segunda.- Condicións de desfrute do permiso retribuído.**

1.- A/o profesional deberá realizar a opción pola forma de aproveitamento (acumulado ou non), e comunicala ao órgano de xestión competente. No suposto de desfrute acumulado, deberá solicitarse coa necesaria antelación de polo menos de catro días, para os efectos de que o centro poida realizar os debidos axustes organizativos/asistenciais; máxime, nos supostos nos que proceda a cobertura da ausencia por persoal temporal.

2.- O permiso retribuído acumulado poderá aproveitarse de xeito ininterrompido ou ben de xeito discontinuo pola modalidade de crédito horario, ou mesmo combinando xornadas completas de traballo xuntamente co uso dese crédito horario (suposto de acumulación parcial).

Para o caso de acumulación total do tempo deste permiso, poderase aproveitar en xornadas de traballo completas, que poderán ser consecutivas ou non.



No suposto de acumulación parcial, o permiso poderase desfrutar combinando a concesión de xornadas completas coa ausencia dunha hora diaria, a cal se pode dividir en dúas fraccións de media hora, ata acadar o total do tempo concedido.

En todo caso, con independencia da modalidade de acumulación pola que se opte, o permiso non poderá exceder de 150 horas.

3.- O aproveitamento acumulado deberá ter lugar durante o primeiro ano de vida do acabado de nacer, ou contado dende a resolución xudicial ou administrativa de adopción ou acollida, habida conta de que o beneficiario do dereito é o/a menor de 12 meses.

### **Terceira.- Vixencia.**

A presente instrución será de aplicación ao persoal que inicie o desfrute deste permiso e ao que neste momento teña un/ha fillo/a no seu primeiro ano de vida.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Recursos Humanos

Ana María Comesaña Álvarez

**XERENCIAS DAS ÁREAS SANITARIAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.**

**XERENCIAS DAS ENTIDADES PÚBLICAS ADSCRITAS Á CONSELLERÍA DE SANIDADE e  
AO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.**

